

1º, 2º E 3º EDUCACIÓN PRIMARIA. PALEONTÓLOGOS, EXPLORADORES OU HISTORIADORES.

Este Entroido, o alumnado de **1º, 2º e 3º de Educación Primaria**, irán disfrazados de paleontólogos, explorados ou historiadores, seguindo así a temática traballada nas nosas aulas ao longo do 1º trimestre. O disfrace terá que realizarse na súa totalidade na casa.

No proxecto da biblioteca escolar “Exploradores en acción”, despois de traballar os dinosauros, investigamos sobre as persoas que estudan e investigan sobre os seus fósiles. A continuación deixámosvos algunhas ideas de como elaborar o disfrace, recomendamos empregar elementos que teñades pola casa como: roupa vella, materiais doutros disfraces, elementos de refugallo, etc.

- Empregando roupa de cor camel, marrón ou incluso negra, podemos crear a base do noso disfrace de explorador/a. Podemos elaborar un chaleco con tela, fieltro ou mesmo papel e unhas botas poden completar a vestimenta.



- Podemos escoller entre a variedade de utensilios que empregaban os/as exploradores, paleontólogos e historiadores para completar o disfrace e parecemos máis a uns ou outros. Gorro, prismáticos, lupas, pinces, lanternas, palas, rastros, etc. todos eles moi fáciles de elaborar con cartolinas, cartón, papel, etc., ou tamén traer estes obxectos se os tedes na casa.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP PLURILINGÜE BARRIÉ DE LA MAZA
Rúa Rosalia de Castro, s/n
15840 Santa Comba
Tfno: 881866918
ceip.barrie.maza@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbarriemaza>



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

